

Axudas económicas para o pagamento de parte da factura eléctrica a través do Ticket Eléctrico Social de Galicia para o 2º semestre de 2016 e o 1º de 2017 para as unidades de convivencia con menores ou con algún membro con discapacidade ou invalidez e cuxos ingresos non superen 1,5 veces o IPREM (9.585,19 €/ano)

A **Consellería de Economía, Emprego e Industria** convoca axudas económicas para o pagamento de parte da factura da luz a través do ticket eléctrico social de Galicia para o segundo semestre de 2016 e primeiro semestre do 2017, para ás unidades de convivencia con menores a cargo ou con algún membro con discapacidade ou invalidez e, cuxos ingresos totais non superen 1,5 veces o IPREM (9585,19 €/ano). e de gas ás persoas economicamente máis vulnerables (AUXS), en réxime de concorrencia non competitiva.

Finalidade

Conceder un ticket eléctrico social ás unidades de convivencia con menores de 18 anos ou con algún membro con discapacidade ou invalidez e, cuxa suma dos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM ((9585,19 €/ano).

Requisitos e contía da axuda

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia
- Ter fillos menores a cargo ou ter un membro con discapacidade ou invalidez
- Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.
- Só se poderá presentar unha única solicitude por unidade de convivencia
- Establécese unha contía de 180 €/ano e, ata 300 €/ano se é familia numerosa.

Documentación

- Os orixinais dos DNI da unidade de convivencia, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- O orixinal do libro de familia, de ter menores a cargo.
- O volante de empadramento colectivo
- As declaracións da renda do ano 2015 de todos os convivintes ou certificados de imputación de rendas do dito ano, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Os orixinais das facturas dos correspondentes semestres e xustificantes bancarios do pagamento destas (facturas cuxo período de lectura estea entre o 01/07/2016 e o 30/06/2017); as ditas facturas deberán estar a nome do solicitante.
- O orixinal do título de familia numerosa, de ser o caso e só se non autoriza a súa consulta.
- Os orixinais dos certificados de discapacidade ou do recoñecemento de invalidez en calquera grao.

Prazo e lugar de solicitude

Ata o día 15 de xullo de 2017 ou, antes de finalizar o dito prazo, ao esgotarse o crédito establecido na convocatoria; a solicitude achegarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (código do procedemento IN414A) desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, ou, <http://ticketelectrico.xunta.gal>; será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia; ou, se non dispón destes documentos, nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Malpica; deberá pedir cita previa chamando ao telef.: 981-72 02 80.